

Unha escena de 'Ansioliticamente falando', de Raquel Castro.

O 43º Festival de Almada encara o seu ecuador consolidado como un espazo de resistencia e calidade. Nunha edición marcada polo retorno á palabra e a pegada de Chekhov, o seu director, Rodrigo Francisco, analiza un certame que desafía o auxo do absurdo político a través da imaxinación e o pensamento.

Texto Manuel Xestoso



O festival portugués reafírmase como un dos grandes referentes europeos

Almada 2026: o teatro como trincheira crítica fronte ao "absurdo" da política

O Festival de Almada converte a cidade nun bulir constante de propostas que desafían a estacionalidade e a lóxica comercial do verán. Nunha tarde de calor asfixiante, *Nós Diario* senta con Rodrigo Francisco, director do evento, na *esplanada* da Escola D. António da Costa, verdadeiro centro loxístico do festival. Acaba de ter lugar un encontro co director Miguel Seabra e pouco a pouco, o espazo de debate e reflexión vai transformándose nun multitudinario comedor ao aire libre onde o público que asistirá aos diferentes espectáculos do día senta a cear xunto a actores, actrices, técnicos e persoal do teatro, mentres ten lugar un concerto que ameniza o ágape.

Se se despista, vostede pode estar atendendo a música sen decatarse de que está sentado a carón de Peter Stein ou do escenógrafo José Manuel Castanheira.

Pero agora é Rodrigo Francisco quen, no ecuador do festival, analiza nunha conversa pausada, o estado de saúde dun evento que resiste nun contexto económico asfixiante. "Houbo unha grande alteración da realidade dos custos, sobre todo loxísticos, a partir da pandemia. O custo de transportes, escenografías, viaxes e aloxamentos triplicouse, mentres que os apoios, nomeadamente o da Autarquía, son os mesmos desde 2015", explica. Empezan a soar voces de alarma que advirten do abandono que sofre un festival que, como vén de definir Seabra uns minutos antes, "non ten pa-

NUN MUNDO INCERTO, O ESCENARIO PODE SER O MELLOR LUGAR PARA O ENCONTRO E O DEBATE

ralelo en Portugal e moi poucos en Europa".

Mais tamén foi Seabra o que sostivo que "Almada é a proba de que resistir é vencer". Un programa que reúne varios dos mellores directores europeos é a demostración. Pero hai máis: malia as dificultades, o festival mantivo o prezo das súas sinaturas porque, como el mesmo subliña, "o contexto non é propicio a aumentos" e Almada debe seguir prestando un servizo público indispensable. "Non podemos transformar o festival internacional do país nunha mostra de teatro sen escenografía e feita de monólogos", sentencia con firmeza. Pero todo ten un reverso: "Mantemos a calidade, temos un bo programa pero para conseguilo estamos a pedir sacrificios enormes ás persoas que

organizan. Acadamos un límite de saturación e de cansazo das persoas que xa non é compatíbel cos días que corren. É un esforzo moi grande e que xa non podemos continuar a pedir ás persoas que fan o festival".

Gaivotas

O compromiso coa calidade vese reflectido nunha programación que este ano xira arredor da pegada de Anton Chekhov e un fenómeno que Rodrigo Francisco identifica como a "volta ao texto" dunha xeración de creadores que rolda os corenta anos. "Sinto que os creadores da miña xeración regresan con forza á palabra. Durante un tempo dicíase que o teatro de texto estaba morto, que o texto era apenas un pretexto, pero o certo é que Chekhov, Shakespeare ou os

gregos continúan a dicirnos moitas cousas", reflexiona o director.

Esta obsesión chekhoviana materialízase en catro "gaivotas" que sobrevoan o festival. Mentres que o público xa puido gozar na primeira semana do *Platónov* de Peter Stein —unha peza de mocidade do mestre ruso sobre "homes superfluos" nunha sociedade en ruína que podería ser o último traballo do director alemán—,

aínda queda por diante a radical visión de Christian Benedetti. Este fechará o festival o día 18 coa súa posta en escena d'A *gaivota*, na que mantén as luces da sala acesas para que o público non poida evadirse da súa responsabilidade como espectador. Entre estas dúas visións, a peza de Chekhov serve tamén de motor para a autoficción en *Ansioliticamente falando* de Raquel Castro ou para a reflexión sobre as ambicións frustradas en *Só máis unha gaivota* de Miguel Fragata. Ademais, Milo Rau presenta *La lettre*, un estudo escénico onde as historias persoais de dous inter-

"A dicotomía de que a dereita é inimiga da cultura e a esquerda é amiga funcionou no pasado. Hoxe en día as cousas son moito máis confusas"

pretos se entrelazan coa obra de Chekhov.

A conversa con Francisco vira inevitabelmente cara á situación política en Europa e o auxo de forzas que atacan o pensamento crítico. Para o director, a arte debe ser un espello onde mirar a "falta de razón" dos que hoxe ostentan o poder. "Hoxe vemos unha falta de sentido nos dirixentes. Hai unha perda de razón que comeza cando os decisores políticos comunican cos cidadáns a través de redes sociais. Hai unha contradición básica evidente", sinala.

Esta mirada propicia un emprego do absurdo como ferramenta de análise que impregna a programación. A propia Compañía de Teatro de Almada estreou *Saudações*, unha montaxe de Álvaro Correia que agrupa textos de Eugène Ionesco como unha vehículo satírico contra a quebra da comunicación humana. Na mesma liña, o Teatro Meridional recupera o *Happy Days* de Samuel Beckett, dirixida por Seabra, onde a mítica Winnie



Rodrigo Francisco.

Alén da palabra, Almada tamén é movemento e hibridación

Máis Almada non é só palabra; tamén é movemento e hibridación. A danza ten un papel protagonista esta fin de semana coa estrea de *Brel* de Anne Teresa De Keersmaeker, quen acode por primeira vez ao festival para bailar a poesía de Jacques Brel nun encontro xeracional co mozo Solal Mariotte. Outras propostas, como *Danse macabre* do suízo Martin Zimmermann, borran as fronteiras entre o teatro, o circo e a danza para falar da fragilidade humana. O pensamento tamén xorde da imaxe. E para o público galego segue a ser emotivo o regreso, como *Espectáculo de Honra 2026*, da compañía alemá Famille Flöz coa súa *Teatro Delusio*. Fundada entre outros polo valdeorrés Paco González (falecido en 2017), a compañía mostra tamén as luces e as sombras, a maxia e as miserias, que ocorren tras as teas do palco.

se converte no símbolo dunha humanidade que resiste o baleiro.

A crítica ao poder non queda aí. Desde Italia, Antonio Rezza e Flavia Mastrella presentaron *Fra-tto_X*, unha peza que ridiculiza os mecanismos de control a través de robots e obxectos, mentres que Tom Corradini mergúllase na mente de Mussolini analizando as súas técnicas oratorias. No plano internacional, destaca tamén o regreso de Christoph Marthaler con *O cume*, unha coprodución co Piccolo Teatro di Milano que funciona como unha metáfora aceda sobre o discurso político baleiro dunha Europa en crise.

Ao ser interrogado polo papel da cultura fronte á censura ou o desinterese político, Rodrigo Francisco amósase escéptico coas dicotomías tradicionais. Aínda que critica con dureza a xestión da actual Ministra de Cultura de Portugal por recortar subsidios a artistas veteranos, sostén que "a dicotomía de que a dereita é inimiga da cultura e a esquerda é amiga funcionou no pasado. Hoxe as cousas son moito máis confusas". Para Francisco, o teatro non ten que "correr detrás da realidade" porque para iso xa está o xornalismo. "A arte e a realidade existen, pero o teatro pode ser importante sen ter a preocupación de darnos fotografías dela, porque precisamos de imaxinación, de poesía, de pensamento crítico e de vida interior. E para iso non hai nada mellor que a palabra".

Con esa premisa, o festival enfronta a súa segunda semana, reafirmándose como un espazo de resistencia e pensamento, insistindo en que, nun mundo incerto, o escenario pode ser o mellor lugar para o encontro e o debate.



A historia dunha muller marcada polo destino

O soño das andoriñas

José Mondelo

Unha novela de suspense que te enganhará

14 euros

amazon.es